

A) Prazo de ingreso en período voluntario: **do 27 de febreiro de 2012 ao 27 de abril de 2012**, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **Caixa Galicia**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, iniciárase o período de constrinximento, que determina o pagamento dunha recarga do 20% do importe da débeda non ingresada, así como o dos xuros de mora correspondentes segundo o previsto na Lei Xeral Tributaria. Cando a débeda se satisfaga antes de notificarlle ao debedor a providencia de constrinximento, a recarga será do 10% e non se satisfarán xuros de mora.

A Pontenova, 20 de febreiro de 2012.- O Alcalde, Darío Campos Conde

R. 0913

PORTOMARÍN

Anuncio

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcurrido o prazo de trinta días hábiles de información pública do acordo plenario do 29 de decembro de 2011, polo que se aproba inicialmente a modificación da ordenanza reguladora da taxa para a subministración de auga, sen que durante dito período se presentara reclamación alguna, queda automaticamente elevado a definitivo o citado acordo coa redacción que de seguido se transcribe.

"Artigo 4º. Obriga de pago:

1-A obriga de pago de taxa regulada nesta ordenanza, nace desde que se inicie a prestación do servizo, a súa facturación e pagamento farase con periodicidade TRIMESTRAL.

Portomarín, 21 de febreiro de 2012.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 0915

TABOADA

Anuncio

En cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/85, de bases de réxime local e 56 do R.D. lexislativo 781/1986; por non presentarse reclamación algunha durante o período de exposición ao público (BOP nº 5 do 07/01/2012), elevase a definitivo o acordo provisional adoptado polo Pleno do Concello de data 26/12/2011, relativo ao REGULAMENTO XERAL DE CREACIÓN DE FICHEIROS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE TABOADA

Procédese á publicación do texto do devandito regulamento, que entrará en vigor transcorrido 15 días hábiles dende a súa publicación no BOP, conforme ao establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.

"REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE TABOADA

A Constitución Española, no seu artigo 18, reconece coma un dereito fundamental o dereito ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe e establece que "a lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos".

Neste senso, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ten por obxecto garantir e protexer no relativo aos datos persoais, liberdades públicas e dereitos fundamentais das persoas físicas e, especialmente do seu honor e intimidade persoal e familiar. No artigo 20 de dita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente. Así mesmo, a disposición adicional primeira da devandita Lei ordénalles ás administracións públicas responsables de ficheiros automatizados adecuarse á citada lei orgánica, debendo aprobar a pertinente disposición de regulamento do ficheiro ou adaptar a existente.

Ademais, os artigos 52 ao 54 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, regulan a creación, modificación ou supresión de ficheiros de titularidade pública.

Por outra banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúenlle ao Pleno a elaboración de ordenanzas e regulamentos.